



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases da convocatoria de subvencións para a celebración de Festas Populares do ano 2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 21 de abril de 2025 aprobáronse as Bases da convocatoria de subvencións para a celebración de Festas Populares do ano 2025, que se publican para xeral coñecemento:

Bases da convocatoria de subvencións para a celebración de Festas Populares do ano 2025.

1. OBXECTO

Estas subvencións teñen por obxecto colaborar coas Comisións de Festas do municipio de Carballo para a realización de festas populares, tradicionais e/ou patronais de arraigo cultural, ou gastronómicas xa consolidadas no municipio de Carballo, durante o ano 2025 (ata o 31 de outubro) e aquelas que se realizaron con posterioridade ao 25 de outubro de 2024, data na que rematou o prazo de solicitude da convocatoria anterior, e teñan presentado por rexistro de entrada do concello de Carballo a declaración responsable da dita festa.

As actividades deberán estar abertas a todos os cidadáns, realizarse en espazos accesibles e de uso público ou veciñal e ter entrada libre e gratuíta.

Unha mesma festa só será subvencionada a través dunha única comisión de festas.

Exclúense desta convocatoria as chamadas festas da xuventude ou similares, as festas organizadas con motivo de conmemoracións ou celebracións particulares ou de orixe privado, as organizadas por particulares ou entidades con ánimo de lucro ou as destinadas unicamente a socios dunha entidade ou a un colectivo particular.

2. FINALIDADE

Con estas subvencións o Concello de Carballo pretende promocionar a celebración de festas populares, apoiando a organización dos programas festivos que realizan asociacións ou grupos de veciños así como contribuír a preservar a tradición festiva do noso municipio.

3. SOLICITANTES

Poderán solicitar estas subvencións as entidades xuridicamente constituídas que estean rexistradas no Concello de Carballo ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos:

- Desenvolver un programa de actividades festivas dunha Festa Popular no período de datas especificadas nesta convocatoria.
- Carecer de fins de lucro e que as actividades subvencionadas non persigan finalidade de lucro.
- Que o ámbito de actuación sexa o termo municipal de Carballo.
- Que teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades regularmente no mesmo.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica do Concello correspondente ao exercicio anterior.
- Ter presentado no rexistro de entrada do Concello de Carballo a correspondente Declaración responsable ou Solicitude de permiso, con anterioridade á celebración da festa, e non ter sido denegada a súa celebración.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade e ter presentado a declaración responsable para a realización da festa e non ter sido denegada.
- No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

4.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E IMPORTE DAS AXUDAS E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

As axudas destínanse á organización e realización do programa de actividades das festas populares, tradicionais e/ou patronais de arraigo cultural, ou gastronómicas xa consolidadas no municipio de Carballo durante o ano 2025 (ata o 31 de outubro) ou a partir do 26 de outubro de 2024, data na que rematou o prazo de solicitude da convocatoria anterior, de acordo cos gastos subvencionables que se especifican na base 8ª, quedando excluídas as chamadas festas da xuventude ou similares.

Estas subvencións son incompatibles con outras axudas ou financiación do Concello de Carballo, exceptuando as posibles actuacións de agrupacións a través do Programa de Actuacións Musicais do Concello, que non se terán en conta para esta solicitude.

As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa a desenvolver.

O importe das axudas determinarase segundo o número de días festivos que se celebren e nos que se realice unha verbena ou concerto na que actúe unha orquestra ou grupo musical en directo ou solista de consolidado renome e relevancia. Exclúense os solistas, dúos e os tríos de animación musical ou os Dj

Establécese unha axuda de 500 € por cada día de festa.

O presuposto dos gastos do programa presentado para a organización das festas deberá ser superior ao dobre do importe da subvención.

A subvención municipal non sobrepasará o 50% do presuposto total do proxecto ou actividade.

Para a concesión destas axudas destinarase un presuposto de **30.000 €**. O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006 de 21 de xullo e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O gasto irá con cargo á aplicación presupostaria 3380.48901 “Subvencións festas barrios e parroquias” dos Presupostos Xerais.

O procedemento de tramitación das subvencións desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Seguirase un procedemento abreviado e a instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos do Concello de Carballo, que realizará as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

5. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

As entidades que soliciten algunha subvención deberán presentar as súas solicitudes na sede electrónica do Concello de Carballo (no caso de persoas físicas ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas poden facelo no Rexistro Xeral do Concello de Carballo).

Prazo de solicitude: comeza ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e remata o 3 de novembro de 2025.

As solicitudes presentaranse no modelo que a tal fin preparará o Concello de Carballo e no que deberá constar (Anexo 1):

- a) Nome, enderezo postal e electrónico, teléfono e CIF da asociación, agrupación ou colectivo solicitante. No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. Deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación (Anexo 2).
- b) Nome e apelidos do representante da asociación ou colectivo solicitante, CIF, teléfono de contacto e enderezo a efectos de notificación electrónica ou postal.
- c) Denominación da festa, parroquia e lugar de celebración e días de celebración.
- d) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante.
- e) Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria da actividade realizada, especificando obxectivos, ámbito de actuación, lugar, datas e horarios, breve descrición da actividade, desti-

natarios e número de participantes, responsable da actividade e outras entidades que colaboran e resultados obtidos, conforme ao modelo que proporcionará o concello.

No caso de que unha actividade estea organizada en colaboración con outra entidade, deberase indicar o grado de responsabilidade de cada parte.

- f) Documentos, escaneados ou fotocopiados en A4, que demostren a realización das actividades subvencionadas, como noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel,... e materiais de difusión e publicidade nos que conste a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores. No caso de que non fora posible aportar estes documentos explicárase o motivo.
- g) Declaración detallada e clasificada dos gastos subvencionables e ingresos correspondentes ao programa da actividade subvencionada, asinada polo secretario/a e presidente/a da comisión.
- h) Facturas correspondentes as actividades do programa subvencionado por un importe mínimo do dobre da subvención concedida e relación clasificada das facturas presentadas, con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento ao que corresponden, do acredor, documento, importe e data de emisión. No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.

As facturas deben de corresponder a gastos que se consideran subvencionables conforme figura especificado na Base 8ª.

As facturas deberán ser copias auténticas. Nas facturas orixinais deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida especificando a súa utilización para a xustificación da subvención desta convocatoria. En todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o que se concedera a subvención.

No caso de presentación de facturas por un importe inferior ao dobre da subvención concedida, aboarase a parte proporcional que lle corresponda segundo o importe presentado.

- i) Declaración responsable detallada das subvencións ou axudas solicitadas ou concedidas doutras administración públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto indicando o seu importe e procedencia ou declaración de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- j) Certificación da conta bancaria a nome da Comisión (non será necesario achegar este documento se xa foi presentado anteriormente e non sufriu variación).
- k) O Concello de Carballo achegará de oficio as certificacións que acrediten que a entidade solicitante está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Carballo.
- l) O Concello de Carballo fará unha consulta electrónica automatizada para comprobar que as entidades solicitantes están ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán de indicalo no impreso correspondente e achegar o devandito documento.

6. RESOLUCIÓN E FIN DA VÍA ADMINISTRATIVA

6.1.- O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e seguirase un procedemento abreviado e a instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos de Cultura, que realizará as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Previo informe dos servizos técnicos de Cultura, a proposta de resolución e aprobación da xustificación será efectuada por un único acto pola Concelleira de Festas e aprobados polo órgano competente, previa fiscalización da intervención municipal, consonte ao procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2.- As subvencións son compatibles con outras concedidas por outras administración ou entes públicos ou privados. Non obstante, a suma do importe das axudas recibidas e dos ingresos obtidos non poderá superar o custe total do programa a desenvolver.

6.3.- A relación co acordo de concesión e denegación das subvencións farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello Carballo.

6.4.- O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o *Alcalde* deste Concello, no termo

dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

7. OBRIGAS DOS PERCEPTORES

As entidades ou agrupacións de persoas receptoras das subvencións estarán obrigadas a:

- a) Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto.
- b) No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. Deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación.
- c) Facer constar nos materiais de difusión e publicidade do programa subvencionado a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades se iniciase antes da publicación desta convocatoria e se acredite que os materiais de difusión e publicidade xa estaban realizados. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- d) Así mesmo, utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade e pluralidade de roles e identidades de xénero. Excluíranse as solicitudes para festas que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou con connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- e) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade e ter presentado no Concello a Declaración responsable para a realización da festa e non ter sido denegada.
- f) Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- g) Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- h) Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- i) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- j) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade subvencionada.
- k) Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

8.-GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido.

Só se admitirán como gastos subvencionables os gastos derivados da contratación de actividades musicais ou culturais, gastos de aluguer de infraestruturas, seguros, pagos de dereitos de autor, gastos de publicidade e pirotecnia.

9.-PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O abono da subvención levarase a cabo mediante transferencia bancaria, nun pago único, sen necesidade de presentar ningún tipo de xustificación tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña a solicitude.

O pago das subvencións aprobadas realizarase mediante transferencia bancaria.

10. REVISIÓN, ANULACIÓN, RESPONSABILIDADES E RÉXIME DE SANCIÓN

10.1.- O Concello de Carballo reserva para si o dereito a orientar tecnicamente as actividades, a comprobar os datos económicos e a inversión da cantidade económica outorgada así como a efectiva realización delas, e a estender e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

10.2.- En caso de incumprimento das obrigas por parte dos perceptores, o Concello procederá á anulación total ou parcial da subvención.

11. OUTRAS DISPOSICIÓNS

11.1.- O concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

11.2.- A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

11.3.- O Concello de Carballo e a empresa contratista obríganse a cumprir o Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

Responsable do tratamento dos seus datos: Concello de Carballo, con NIF P1501900C

Finalidade: A xestión administrativa da solicitude, estudo e da concesión de subvencións “Festas Populares 2025” do Concello de Carballo.

Lexitimación: O consentimento do interesado (artigo 6.1,a do RGPD), o cumprimento dunha obrigação legal (artigo 6.1,c do RGPD) e exercicio de poderes públicos (artigo 6.1,e do RGPD).

Conservación: Conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos.

Destinatarios: Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións, cando sexa necesario, no exercicio das súas competencias, e entidades financeiras e encargados do tratamento.

Medidas de seguridade: O Concello de Carballo aplicará as medidas técnicas e organizativas apropiadas a fin de garantir e poder demostrar que o tratamento é conforme coa normativa de protección de datos. En concreto, o artigo 32 do RGPD e a Disposición Adicional Primeira da LOPDGDD.

Dereitos: Poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, portabilidade, limitación do tratamento e a non ser obxecto de decisións automatizadas, así como a retirar o consentimento prestado.

Información Adicional: Sección de Política de Privacidade da sede electrónica.

12.- NORMATIVA APLICABLE

Para todo aquilo non previsto expresamente nas presentes bases aplicarase:

- ☐ Lei 38/2003, Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Lei 9/2007, de 2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- ☐ Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.
- ☐ Bases de execución do orzamento municipal.
- ☐ Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, que regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e o Decreto 226/2022 de 22 de decembro polo que se determinan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- A Lei orgánica 3/2018 de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais
- Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos

13. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

Segundo.- Aprobar un gasto por un importe total de 30.000,00 € (retención de crédito número 220250002969 do 11/04/2025) con cargo á aplicación orzamentaria 3380.48901 “Subvencións festas barrios e parroquias” do Orzamento Xeral do Concello de Carballo para facer fronte á concesión e pago das subvencións previstas nas Bases da Convocatoria de Subvencións para a Celebración de Festas Populares do ano 2025.

O importe do crédito destinado a esta convocatoria, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria, respectando os límites e condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006 de 21 de xullo e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Carballo, 29 de abril de 2025

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Anexo 1

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES DO ANO 2025

(do 26 de outubro de 2024 ao 31 de outubro de 2025)

D./D^a con NIFe
 endereço a efectos de notificación
 teléfono endereço electrónico en calidade de re-
 presentante da Asociación, Comisión, Colectivo ou Agrupación
 con CIF e endereço a efectos de notificación (endereço electrónico/postal)

EXPOÑO QUE: tendo coñecemento da Convocatoria de Subvencións para a celebración de Festas Populares do ano 2025 do Concello de Carballo, aceptando as bases e o cumprimento das obrigas establecidas nas mesmas,e tendo realizada a actividade obxecto desta convocatoria

DECLARO: ter presentada a declaración responsable para a celebración da festa/actividade e dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubre esta actividade.

SOLICITO: A participación na citada Convocatoria coa festa denominada
celebrada na parroquia de e no lugar
na/s data/s no/s que se realizou unha verbena ou concerto con actuación de
orquestra ou grupo musical en directo (exclúense solistas, dúos e tríos ou DJ) cos grupos que se indican:

DATA ORQUESTRA

DATA OROUESTRA

DATA OROQUESTRA

DATA OROUESTRA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (é imprescindible presentala con este impreso):

Declaración do programa de actividades obxecto da convocatoria e memoria da actividade realizada e dos resultados obtidos (a cubrir neste impreso).

Documento/s que demostren a realización da actividade subvencionada, escaneados ou fotocopiados en A4 (noticias de prensa, fotografías, tríptico ou cartel) e materiais de difusión e publicidade onde conste a colaboración do Concello de Carballo. DESTACAR O TAMAÑO E SITUACIÓN DO LOGO DO CONCELLO E A COLABORACIÓN

Declaración detallada e clasificada dos gastos e ingresos correspondentes á actividade subvencionada (a cubrir neste impreso).

Facturas correspondentes ás actividades do programa subvencionado por un importe mínimo do dobre da subvección concedida. Nas facturas orixinais o Concello deberá deixar constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvección percibida. Polo tanto, antes do rexistro electrónico da solicitude, deberá dirixirse a calquera dos rexistro do Concello coas facturas orixinais para dilixencialas.

Relación clasificada das facturas presentadas, con indicación do concepto de gasto, concepto do orzamento, acreedor, documento, importe e data de emisión (a cubrir neste impreso).

Declaración responsable detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto

Se se opón á que o Concello obteña certificación acreditativa de estar ao corrente coas obrigas coa **Axencia Tributaria e Seguridade Social** aportará as ditas certificacións.

Número de conta para facer o ingreso (achegar certificado de conta bancaria se non foi presentado con anterioridade ou se sufriu variación).

[illegible]

Carballo, de 2025

Asdo.:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO

PRAZO DE PRESENTACIÓN: DENDE O DÍA SEGUINTE Á PUBLICACIÓN NO BOP, A TRAVÉS DA BNDP ATA O 31 DE OUTUBRO
(Sede electrónica ou Rexistro Xeral do Concello)

DECLARACIÓN DA REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES E MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS E DOS RESULTADOS OBTIDOS							
OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE OBXECTO DE SUBVENCIÓN:							
RESPONSABLE DA ACTIVIDADE:							
OUTRAS ENTIDADES QUE COLABORAN:							
	NOME DA ACTIVIDADE E BREVE DESCRICIÓN	NOME DA ORQUESTRA OU GRUPO	Nº COMPOÑENTES	DATAS/ HORARIOS	LUGAR/ES DE CELEBRACIÓN	DESTINATARIOS	Nº PARTICIPANTES
1							
2							
3							
4							
5							
6							

DECLARACIÓN DETALLADA E CLASIFICADA DE GASTOS E INGRESOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIÓNADA		
Considéranse gastos subvencionables , aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido. Só se admitirán como gastos subvencionables os gastos derivados da contratación de actividades musicais ou culturais, gastos de aluguer de infraestruturas, seguros, pagos de dereitos de autor, gastos de publicidade e pirotecnia.		
INGRESOS (imprescindible desglosar)		
PROCEDENCIA	IMPORTE	
Subvención solicitada ao Concello de Carballo (máx. 500 € día festa)		
Aportacións /donación da veciñanza e doutras entidades, empresas... (especificar cales)		
Publicidade		
Outros		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS (imprescindible desglosar)		
CONCEPTO	IMPORTE	
Contratación de actividades musicais ou culturais		
Infraestruturas (carpa, xerador,)		
Seguros (parte proporcional a esta festa) e dereitos de autoría		
Pirotecnia		
Publicidade		
Outros (especificar cales)		
TOTAL GASTOS		

Vº e pr.

O/a presidente/a

O/a secretario/a

DOCUMENTOS QUE DEMOSTRAN A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E A COLABORACIÓN DO CONCELLO DE CARBALLO E MATERIAIS DE DIFUCIÓN E PUBLICIDADE ONDE CONSTE A COLABORACIÓN DO CONCELLO (documentos escaneados ou fotocopiados en A4, novas de prensa, fotografías, folletos ou carteis)

Indicar os documentos que se entregan

.....

.....

.....

No caso de que non fora posible a aportación desta documentación explicar o motivo

.....

.....

.....

D./Dña. con DNI
como representante da entidade.....

ACHEGO AS CERTIFICACIÓNS DE ESTAR COA CORRENTE COAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA AXENCIA TRIBUTARIA E A SEGURIDADE SOCIAL.

AUTORIZO AO CONCELLO DE CARBALLO Á COMPROBACIÓN DA VERACIDADE DO DECLARADO NA SOLICITUDE OU A FACER AS CONSULTAS QUE PROCEDAN NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

DECLARO QUE A ENTIDADE Á QUE REPRESENTO NON SOLICITOU NIN LLE FOI CONCEDIDA NINGUNHA OUTRA SUBVENCIÓN PARA ESTA FINALIDADE.

DECLARO QUE PARA A MESMA FINALIDADE TEN CONCEDIDAS, OU NOTIFICADAS, SEN AÍNDA TELAS PERCIBIDAS, AS SEGUINTES SUBVENCIÓNS OU AXUDAS: (CUBRIR SO NO CASO DE QUE SOLICITEN OU RECIBAN SUBVENCIÓNS INDICANDO NO CADRO ADXUDICADAS E ESPECIFICAR)

ORGANISMO/ ENTIDADE	OBXECTO	IMPORTE	CONCEDIDA	PENDENTE CONCESIÓN

Carballo, de de 202_

Asdo.:.....

RELACIÓN CLASIFICADA DAS FACTURAS PRESENTADAS DO PROGRAMA SUBVENCIONADO							
(IMPORTE MÍNIMO POR DÍA: 1000 € e cando menos da suma dos importes das axudas percibidas)							
Gastos subvencionables (gastos subvencionables: aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido): contratación de actividades musicais/culturais, gastos de aluguer de: infraestruturas, seguros, pagos de dereitos de autor, gastos de publicidade e pirotecnia.							
Presentaranse os xustificantes orixinais e o Concello deixará constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención.							
CONCEPTO DO ORZAMENTO	DATOS DO ACREEDOR		CONCEPTO DO GASTO FACTURADO	TIPO DOCUMENTO (factura, recibín...)	Nº	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE
	EMPRESA	NIF/CIF					
IMPORTE TOTAL DOS XUSTIFICANTES DE GASTO PRESENTADOS							

OBXECTO: as axudas destínanse á organización e realización do programa de actividades das festas populares, tradicionais e/ou patronais de arraigo cultural, ou gastronómicas xa consolidadas no municipio de carballo durante o ano 2024, de acordo cos gastos subvencionables que se especifican na base 8ª. **Exclúense** desta Convocatoria as chamadas festas da xuventude ou similares e as festas organizadas con motivo de conmemoracións ou celebracións particulares ou de orixe privado, as organizadas por particulares ou entidades con ánimo de lucro ou as destinadas unicamente a socios dunha entidade ou a un colectivo particular.

SOLICITANTES: Poderán solicitar estas subvencións as entidades xuridicamente constituídas que estean rexistradas no Concello de Carballo ou agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria, sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos: Desenvolver un programa de actividades festivas; carecer de fins de lucro e que as actividades subvencionadas non persigan finalidade de lucro; que o seu ámbito de actuación sexa o término municipal de Carballo; que teñan a súa sede social no municipio e realicen as súas actividades regularmente no mesmo; non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda económica do Concello correspondente a exercicios anteriores; dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade e ter presentado a Declaración responsable para a realización da festa e non ter sido denegada; No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN: O importe das axudas determinarase segundo o número de días festivos que se celebren e nos que se realice unha verbena ou concerto na que actúe unha orquestra ou grupo musical en directo ou solista de consolidado renome e relevancia. **Exclúense** os solistas, dúos e os tríos de animación musical ou os Djs. Establécese unha axuda de **500 € por cada día de festa**. **O presuposto de gastos do programa presentado para a organización das festas deberá ser superior ao dobre do importe da subvención.** A subvención municipal non sobrepasará o 50% do presuposto total do proxecto ou actividade.

Obrigas dos perceptores:

- Organizar e realizar a actividade para a que foi concedida a subvención dentro do prazo previsto.
- No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas ou colectivos constituídos coa finalidade de levar a cabo o obxecto desta convocatoria que presenten esta solicitude, deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. Deberán nomear un representante ou apoderado único da agrupación.
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade do programa subvencionado a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, nun lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores, excepto no suposto de que algunha das actividades se iniciase antes da publicación desta convocatoria e se acredite que os materiais de difusión e publicidade xa estaban realizados. No caso de que se realice, o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas,...) estará redactada en galego.
- Así mesmo, utilizar, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero. Excluíranse as solicitudes para festas que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra esta actividade e ter presentado no Concello a Declaración responsable para a realización da festa e non ter sido denegada.
- Colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o Concello.
- Comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.
- Estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Carballo, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.
- Someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade subvencionada.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realizan.

- O Concello quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO: CONCELLO DE CARBALLO (P1501900C);

FINALIDADES DO TRATAMIENTO: A xestión da súa inscrición na convocatoria de subvencións de "Festas Parroquias 2024" organizadas pola área de Cultura do Concello de Carballo; **LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO:** O consentimento do interesado (artigo 6.1.a do RXP) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1.e do RXP); **DESTINATARIOS DOS DATOS:** As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude e as entidades financeiras; **PAZO DE CONSERVACIÓN:** Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable; **EXERCICIO DE DEREITS:** As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sección de "Protección de Datos" na sede electrónica; **CONTACTO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E INFORMACIÓN ADICIONAL:** Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou dpd@carballo.gal

Anexo 2

IMPRESO PARA AGRUPACIÓNS OU COLECTIVOS SOLICITANTES DE SUBVENCÍONS RELACIÓN NOMINAL DOS INTEGRANTES, COMPROMISO DE EXECUCIÓN DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO E APLICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCIÓN E NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE

Os integrantes que se relacionan e asinan a continuación, constituídos como agrupación ou colectivo coa finalidade de levar a cabo o obxecto da Convocatoria de Subvención para a celebración de Festas Populares do ano 2024

COMPROMÉTENSE

A executar conxunta e solidariamente a actividade ou investimento para o que se solicita a subvención, segundo o proxecto que se presente no Concello de Carballo, e a aplicar e responder co mesmo criterio, do importe da subvención que o Concello de Carballo outorgue.

E ACORDAN

Nomear como representante ou apoderado único da Comisión, Colectivo ou Agrupación

.....
aD./Dna.....
con NIF con enderezo en
teléfono e enderezo electrónico.....

RELACIÓN DE INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN OU COLECTIVO E SINATURAS

NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		
.....		

Carballo, de de 2025

Sado.: OS MEMBROS INTEGRANTES DA AGRUPACIÓN OU COLECTIVO

2025/2622